



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña




www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 28/04/2021 10:03:42

SAIDA 6859/21



Reclamante: [REDACTED] en representación [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 6/2021

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo

Vista á reclamación presentada por [REDACTED] en representación [REDACTED], mediante escrito do 15 de xaneiro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 27 de abril de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en representación [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 15 de xaneiro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, aos expedientes relativos ás axudas concedidas para as actuacións nas "Campaña que sabes dos áridos. Segunda fase", "Plan de comunicación dixital da minaría sustentable de Galicia 2019", "Recuperación de posta en valor do patrimonio mineiro galego", "Elaboración 2º número de «Os áridos. Un día na canteira con Lagartijo»", "Plan de comunicación dixital da minaría de Galicia", "Patrimonio mineiro" e "Creación de unidades didáctica sobre minaría para nenos"

O reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, na que consta sinatura dixital do [REDACTED] en representación [REDACTED]

Segundo. Con data do 20 de xaneiro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 28 de xaneiro de 2021.

Terceiro. Con data do 26 de febreiro de 2021 a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe a Consellería indica que a solicitude de acceso á que se refire a reclamación foi tramitada na Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais co número AIP-MI-SC-2020-5, dando lugar á Resolución do 22/01/2020 da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais. A solicitude de acceso foi tramitada de acordo coa Lei 19/2013, do 4 de decembro, posto que a información solicitada non dispón de normativa específica reguladora do acceso á información.

Na resolución denégase parcialmente o acceso á información solicitada en aplicación dos límites previstos no artigo 14 da Lei 19/2013, fundamentándose a aplicación dos ditos límites na protección de dereitos e intereses de terceiros. De acordo co artigo 24.3 da Lei 19/2013, se indica que os terceiros afectados son a Cámara Oficial Mineira de Galicia e a Asociación Galega de Áridos.

Informa a Consellería que a entrada da solicitude no órgano competente para resolver tivo lugar o 2 de decembro de 2020 e o traslado a terceiros afectados, o inicio da suspensión do prazo para resolver o 4 de decembro e a recepción das alegacións dos terceiros afectados e finalización da suspensión do prazo para resolver o 29 do mesmo mes. Con data do 22 de xaneiro de 2021 ditouse resolución e se puxo a disposición a notificacións ao solicitante e aos terceiros afectados.

Por tanto, tendo en conta a suspensión do prazo derivada do traslado a terceiros afectados para que puidesen efectuar alegacións, a solicitude de acceso a información foi resolta en prazo, e a reclamación presentada [REDACTED] presentouse antes de ter vencido o prazo para resolver, polo que considera que a reclamación debe ser inadmitida por extemporánea e por terse resolto en prazo a solicitude de acceso.

Cuarto.- Dado que na resolución do 22 de xaneiro de 2021, se denega parcialmente o acceso á información solicitada fundamentada na protección de dereitos e intereses de terceiros, de conformidade co disposto no artigo 24.3 da Lei 19/2013, procedeuse pola Secretaria da Comisión a apertura de trámite de audiencia a Asociación Galega de Áridos (ARIGAL) e á



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) con data do 5 de marzo de 2021. Con data do 24 de marzo e 26 de marzo, remítiselle información complementaria a ARIGAL e COMG respectivamente, referente ao trámite de audiencia.

Quinto.- Con data do 9 de abril de 2021, ARIGAL presenta escrito no que manifesta que unha vez coñecido o alcance da reclamación e que a Administración ditou resolución expresa sobre a reclamación, considera que existe perda sobrevida do obxecto da reclamación, polo que solicita que se proceda ao arquivo do expediente.

Con data do 16 de abril de 2020, a Cámara Oficial Mineira remite escrito no que, baseándose nos mesmos motivos que ARIGAL, solicita o arquivo do expediente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, podrá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzcan os efectos do silencio administrativo.

No presente caso, tal e como consta no expediente administrativo remitido pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a solicitude tivo



entrada no órgano competente para resolver con data do 2 de decembro de 2020, que con data do 4 de decembro, deulle traslado aos terceiros afectados, con suspensión do prazo para resolver. Os terceiros afectados accederon á notificación o 7 de decembro, polo que o prazo para presentar alegacións e a suspensión do prazo para resolver rematou o 29 de decembro de 2020. A [REDACTED] presentou a reclamación contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude con data do 15 de xaneiro de 2021, data na que aínda non rematara o prazo dun mes do que, de acordo co disposto no artigo 27.3 da Lei 1/2016, dispoñía a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais para resolver. A dita Dirección Xeral ditou resolución con data do 22 de xaneiro de 2021 e a puxo a disposición da [REDACTED] e dos terceiros afectados ese mesmo día, resolvendo por tanto dentro do prazo establecido na normativa.

De acordo co anterior, por non ter transcorrido o prazo dun mes que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, desde a recepción da solicitude pola Dirección Xeral competente para resolver, ata a interposición da reclamación pola entidade interesada, procede a inadmisión da reclamación presentada por tratarse dun acto non susceptible de recurso, de conformidade co disposto no artigo 116.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, e en virtude da delegación de competencias outorgada pola Comisión de Transparencia de Galicia en sesión do 30 de maio de 2017 (DOG nº 136, do 18 de xullo de 2017),

ACORDO

Única: Inadmitir por extemporánea, a reclamación presentada por [REDACTED], en representación [REDACTED] con data do 15 de xaneiro de 2021, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a determinados expedientes en materia de minería tramitados pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa únicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no

artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.04.28 09:48:51 +02'00'

**María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.**